



PLAN DIXITAL

CEIP O COUTO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP O Couto (Ourense)
- Dirección: Rampa de Sas s/n - 32002 Ourense
- Correo electrónico: ceip.couto@edu.xunta.gal
- Páxina web: edu.xunta.gal/centros/ceipcouto
- Oferta educativa: Infantil e Primaria (18 unidades)
- Alumnado: 383
- Claustro: 33 docentes

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O CEIP O Couto é o centro público de referencia no barrio do mesmo nome. É un barrio que ten uns 7.000 habitantes, dos cales un 5% é de procedencia estranxeira. O nivel socioeconómico é medio-baixo e os ingresos/actividades da poboación proveñen na maioría de actividades comerciais, sector servizos, traballadores en empresas do entorno da cidade, pensionistas e funcionarios.
- O Plan Dixital 1.0 entrará a formar parte da Programación Xeral Anual do curso 22/23 de modo transversal e intégrandose nas áreas e cursos nos que está previsto maior incidencia dos obxectivos marcados polo Plan de Acción.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital xurde como necesidade de promover a utilización das tecnoloxías da información e comunicación dentro do proceso ensino-aprendizaxe. Dita importancia ven especificada nas principais leis educativas.

- A Lei 2/2006 (LOMCE) fala no seu artigo 111 bis da promoción do uso das TIC como medio didáctico. Tamén especifica a relevancia do Marco Común de competencia dixital docente.
- A Lei 3/2020 (LOMLOE) mantén esas definicións no artigo 111 bis, apartados 5 e 6.
- A concreción legislativa máis recente aparece no comezo do curso 2021-22 na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital comeza coa constitución ao principio do curso dun Equipo de Dinamización do Plan Dixital, integrándonos no apartado correspondente do PFPP que estamos facendo no centro. O equipo está formado pola

directora, María Pérez; a xefa de estudos, Eulalia Armada; a mestra Rebeca Fernández; a mestra Mónica Álvarez e o coordinador das TIC e coordinador do Plan Dixital, Jorge Paz. Fixose o Test SELFIE con equipo directivo, alumnado e profesorado; o TestCDD e o DAFO. E a partir daí, decidíronse os obxectivos a incluír no Plan de Acción. Todo isto coordinado e asesorado en todo momento pola nosa asesora, Belén Opazo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital: o centro conta cunha rede cableada con conexión a internet de alta velocidade (100 megas). Todos os espazos do centro teñen como mínimo 1 punto de acceso a esta rede. Ademais, dispoñemos da rede wifi de edu.xunta.es con varios puntos de acceso repartidos polos edificios, pero cunha cobertura moi deficiente o con moitos puntos “escuros” en todas as aulas.
- Equipamentos: Existen as seguintes aulas dixitalizadas: 18 aulas-titorías (con ordenador PC ou portátil, e PDI), Biblioteca (con 2 Pcs para consulta), unha Sala de Mestres (con 2 PC para uso do profesorado), 1 zona administrativa (con PC para uso do administrativo), 1 aula de Informática (con 8 PC en funcionamento e 1 PDI conectada a un portátil), 1 aula de Inglés (con PDI e portátil), 1 despacho de equipo directivo (con 2 PC e 1 portátil), 1 aula específica (con 1 PC), 1 despacho de Orientación (con 1 PC), 1 aula de AL (con 1 PC), 1 salón de Actos (con 1 portátil conectado a un proxector). Tamén dispoñemos de 12 portátiles cedidos para o uso no proxecto dixital de Digicraft-Vodafone.
- Servizos dixitais educativos: facemos uso da páxina web do centro, do espazo Abalar para comunicación coas familias e da comunidade educativa “Agueiro” (so nalgunha titoría concreta).
- A xestión do mantemento do equipamento do centro realízase en coordinación entre o coordinador TIC e unha empresa externa contratada e que visita o centro varias veces por semana. Puntualmente solicítase a intervención da UAC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Adxuntamos a táboa co resumo **das áreas** do informe SELFIE no noso centro:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2

	Profesorado	2,4
	Alumnado	3,7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Alumnado	3,3
	Equipo Direct.	4
	Profesorado	2,9
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Alumnado	
	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Alumnado	
	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	3,1
G- Prácticas de avaliación	Alumnado	3,2
	Equipo Direct.	2,4
	Profesorado	2,7
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado	
	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	2,9
	Alumnado	4,3

Test CDD: Incluímos a información das táboas 2.1., 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD realizado no noso centro. Tamén incluímos a táboa 1.3 que define o perfil do profesorado.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	28	57,1%
PROVISIONAL	1	4	25%
INTERINO	0	2	0%
SUBSTITUTO	2	5	40%
DESPRAZADO	0	0	

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63.7	Explorador (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	50.3	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
EP	67.6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0 %
A2	13	68,4%
B1	3	15,8%

B2	2	10,5%
C1	1	5,3%
C2	0	0 %
TOTAL	19	100.00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	(C2) O profesorado considera que existe un bo nivel de dispositivos dixitais.	(C14) Falta espazo físico no centro para a ubicación de dispositivos dixitais.
	PERSONAL DOCENTE	(A3) O profesorado conta co apoio do equipo directivo á hora de desenvolver novas metodoloxías de ensino con recursos dixitais. (D2) O profesorado recoñece que ten posibilidades para o desenvolvemento do DPC	(A4) O equipo directivo e o profesorado consideran que o tempo é insuficiente para explorar novos métodos de ensino con tecnoloxía dixital. (E2) O profesorado crea recursos dixitais, pero considera que pode producir máis cantidade. (F6) Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares
	PERSONAL NON DOCENTE	O persoal administrativo fai uso das aplicacións e tecnoloxías dixitais.	
	ALUMNADO	(H1) (H3) O alumnado considera que está preparado para un comportamento seguro e responsable na rede	(H7) O alumnado non ten demasiadas oportunidades para crear contidos dixitais no centro.
	FAMILIAS		Non existe unha alta participación por parte das familias no proxecto de centro
	OFERTA	(C14) O centro ten dous edificios dentro do mesmo barrio pero separados por 800 metros.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	(E1) O profesorado fai bo uso dos recursos dixitais en liña	(A1) Non existe unha estratexia dixital do centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de formación dixital continua para o profesorado	Cambios legislativos constantes. (C3) Pobre calidade do acceso a internet no centro.
	LEXISLACIÓN		Falta unha mellor estratexia coa política de Protección de Datos

CONTORNA	Un alto de porcentaxe do alumnado dispón de recursos dixitais e acceso a Internet nas súas casas.	(H7) O alumnado é consumidor de produtos dixitais pero non ten destrezas para crealos.
ANPA	A ANPA xestiona as actividades extraescolares das tardes, o servizo de comedor e acollida temperá.	Escasa implicación e iniciativa para apoiar os proxectos educativos do centro.
OUTRAS ENTIDADES	(B3) Colabórase con outras organizacións para promover o desenvolvemento dixital. Exemplo actual: Digicraft (B3) Colaboración con outras asociacións da contorna, co Concello, etc...	

3. Plan de Acción

Este primeiro Plan de Acción do noso primeiro Plan Dixital procura adecuarse á realidade dos recursos humanos e das características que se extraen tanto do test SELFIE como do test CDD. Para iso, plantexamos cinco obxectivos que cremos que poden ser punto de partida desde o curso 2022-23.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O primeiro que fixemos, en distintas reunións do equipo de dinamización do plan dixital e en reunións coa asesora, foi analizar as fortalezas, as debilidades, as oportunidades e as ameazas do DAFO. Marcámonos como areas prioritarias o apartado A (Potencias o uso da tecnoloxía) e H (Mellorar a competencia dixital do alumnado).

O primeiro obxectivo é crear un repositorio con ferramentas dixitais básicas (corporativas) e utilizaremos o indicador o número de ferramentas incluídas. Como accións seleccionamos: escolla das ferramentas, creación do repositorio, creación dun Aula Virtual para o repositorio.

Como segundo obxectivo temos o fomento do uso de ditas ferramentas do repositorio. Usaremos como indicador o % do profesorado que accede á Aula Virtual, e como actividades: información ao claustro sobre a existencia da Aula Virtual, o acceso e a comprobación da participación.

Como terceiro obxectivo no curso 2022-23 temos a promoción da comunicación usando AbalarPro. Como indicador para o obxectivo teremos o porcentaxe de títulos que se comuniquen coas familias con esta aplicación. E como actividades: elaboración dun cuestionario sobre a porcentaxe de uso da aplicación, explicación dun mellor aproveitamento da aplicación e a potenciación da utilización.

O cuarto obxectivo vai ser a mellora das habilidades do alumnado na creación de contidos dixitais. O indicador será o número de actividades realizadas en cada ciclo e as actividades: a recopilación de recursos divididos por materias, a creación de contidos e a exposición dos traballos realizados.

Como quinto obxectivo decidimos escoller a utilización de Agueiro para compartir as actividades dentro da Comunidade Educativa. O indicador será o número de actividades compartidas. E as actividades coas que buscaremos este obxectivo serán a creación de grupos de Agueiro, a recollida de actividades e a selección para subir actividades aos grupos de Agueiro.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Liderado (A) - Potenciar a adopción do uso da tecnoloxía no centro educativo							
1. OBXECTIVO :	Crear un repositorio con ferramentas dixitais básicas (corporativas)					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de ferramentas básicas incluídas no repositorio						
Valor de partida	0 ferramentas básicas incluídas						
Valor previsto e data	5 ferramentas básicas incluídas				30 novembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIO	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A01.1: Selección das ferramentas básicas que debe dominar o profesorado	Coordinador TIC	30 setembro 2022	Colaboración do equipo TIC Ferramentas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Crear o repositorio coas ferramentas básicas	Coordinador TIC	30 outubro 2022	Colaboración do equipo TIC Ferramentas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Crear o curso na Aula Virtual incluíndo o repositorio	Coordinador TIC	30 novembro 2022	Colaboración do equipo TIC Ferramentas Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Liderado (A) - Potenciar a adopción do uso da tecnoloxía no centro educativo

2. OBXECTIVO :	Fomentar o uso das ferramentas básicas do repositorio do centro	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% do profesorado que accede ao repositorio da Aula Virtual		
Valor de partida	0 % do profesorado accede ao repositorio da Aula Virtual		
Valor previsto e data	60 % do profesorado accede ao repositorio da Aula Virtual	22 xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Incluir na orde do día dun claustro a información sobre a existencia do repositorio	Equipo directivo	22 decembro 2022	Acta do claustro Profesorado Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Acceso ao repositorio da Aula Virtual	Profesorado	31 xaneiro 2023	Ordenadores Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Comprobar o número de profesorado que accedeu ao repositorio	Administrador Aula Virtual	15 febreiro 2023	Ordenadores Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Informar nun claustro sobre o porcentaxe de acceso ao repositorio da Aula Virtual	Equipo directivo	31 marzo 2023	Acta do claustro Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Liderado (A)- Estratexia Dixital do Centro (A1)						
3.OBXECTIVO :	Promover a comunicación entre os titores e as familias a través de AbalarPro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores que se comunica coas familias a través de AbalarPro					
Valor de partida	Descoñecido, pendente de facer unha enquisa					
Valor previsto e data	80% dos titores comunícanse coas familias a través de AbalarPro			22 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Pasar un cuestionario para coñecer o porcentaxe de titores que xa utilizan AbalarPro	Equipo directivo	30 setembro 2022	Cuestionario Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Explicación ao profesorado do uso básico da Aplicación AbalarPro	Equipo TIC Coordinador Ciclo Profesorado	30 outubro 2022	Dispositivos móbiles Aplicación Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas	Equipo directivo Persoas titoras	22 xuño 2023	Dispositivos móbiles Aplicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: (H) Competencias dixitais do alumnado						
4. OBXECTIVO:	Mellorar as habilidades do alumnado na creación de contidos dixitais (alumnado 3º ciclo)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades de aprendizaxe realizadas no ciclo					
Valor de partida	0 actividades realizadas no ciclo					
Valor previsto e data	10 actividades realizadas no ciclo			22 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Recopilar recursos dixitais axeitados ás distintas materias	Equipo TIC Coordinador ciclo	22 decembro 2022	Internet Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación de contidos dixitais	Profesorado de 3º ciclo	31 marzo 2023	Internet Ordenadores Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Exposición dos traballos realizados	Profesorado de 3º ciclo	22 xuño 2023	Internet Ordenadores Alumnado Aguero		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Liderado (A) - Explorar novos métodos de ensino con tecnoloxía dixital (A4)

5. OBXECTIVO:	Empregar Aqueiro para compartir actividades dentro da comunidade educativa			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo TIC e Administrador Aqueiro			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades compartidas por trimestre e curso					
Valor de partida	0 actividades compartidas por trimestre e curso					
Valor previsto e data	1 actividade compartida por trimestre e curso			22 xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Crear grupos de Aqueiro para cada curso	Equipo TIC / Administrador Aqueiro	30 setembro 2022	Aqueiro Ordenadores Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Recoller en cada titoría as actividades seleccionadas dunha temática común	Equipo TIC Coordinador Ciclo	Final de cada trimestre	Aqueiro Ordenadores Internet Profesorado Reunión de ciclo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Subir as actividades a cada grupo de Aqueiro	Equipo TIC	Final de cada trimestre	Aqueiro Ordenadores Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Compartir enlaces co resto da comunidade	Equipo TIC Titor	Final de cada trimestre	Aqueiro Ordenadores Internet Enlaces a través de AbalarPro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Necesidades en infraestruturas: Urxe mellorar a calidade da wifi para que non existan zonas sen cobertura e para que todos as conexións sen fíos teñan a calidade suficiente e que os equipos se poidan conectar sen problemas. Precisamos un informe detallado por parte das empresas instaladoras do servizo para coñecer a ubicación e cobertura dos distintos puntos de acceso.

Necesidades de mellora en equipamentos: Nas aulas dixitalizadas precisamos unha actualización (ou renovación) dos equipos (PC e/ou portátiles) xa que moitos deles están obsoletos. Os datos concretos serán coñecidos unha vez realizado a parte de inventariado prevista neste Plan Dixital. A finalidade da actualización é que os titores e especialistas poidan utilizar os equipamentos das aulas sen que haxa problemas de incompatibilidade ou de conexión coas distintas aplicacións. Tamén necesitamos renovar varias PDI e o seu canon-proxector correspondente. A finalidade é poder utilizar toda a potencialidade das PDI, especialmente na súa parte táctil. Tamén necesitamos a adquisición de novos equipos para certos espazos. Por exemplo, na sala de mestres, onde tan só dispoñemos de 2 equipos para o importante número de docentes que utiliza ese espazo.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do plan de acción

O plan será avaliado ao final de cada trimestre, analizando o estado de execución das accións observando os datos agardados para cada prazo, e valorando os resultados para plantexar, dado o caso, posibles modificacións nos obxectivos.

Ao final do curso tamén se fará un avaliación final onde se valorará con detalle o logro dos obxectivos e as propostas de mellora para o curso sucesivo.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

Unha vez que se valore se os obxectivos do plan de acción foron acadados, farase unha revisión dos resultados e un axuste á nova situación tendo en conta aqueles aspectos máis relevantes que xurdan, contemplando as suxerencias da comunidade educativa para ditas melloras.

5. Difusión do plan

A presentación (e aprobación) do Plan Dixital, así como as distintas avaliacións trimestrais terán puntual seguimento nos pertinentes Claustros e Consellos Escolares do curso.

Tamén se fará público o plan e as súas actualizacións a través da web do centro e das redes corporativas para o coñecemento de toda a comunidade educativa.